



RESOLUCIÓN DO 17 DE XULLO DE 2019, DA DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA, POLA QUE SE ESTABLECE UN PERÍODO DE **VEDA** NA RÍA DE AROUSA PARA A CAPTURA DO CHOCO.

Feitos.

A Federación Galega de Confrarías de Pescadores achega, en documento con rexistro de saída nº 412 do 10 de xullo de 2019, a solicitude de establecemento dunha **veda** para a pesca do choco por dentro das liñas de referencia do anexo III do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, na ría de Arousa, desde o 1 de agosto ata o 31 de outubro de 2019.

Fundamentos técnicos e xurídicos.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia nos indica, no artigo 6.1, que a política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa conservación e xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, terá como obxectivo «o establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación e á explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos».

Ademais, co fin de asegurar os obxectivos recollidos na lei, establece que lle corresponde á consellería competente en materia de pesca, logo de audiencia do sector afectado, o «establecemento de vedas temporais ou zonas para determinadas especies así como dos fondos autorizados» -art. 7.2.h).

O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 50.3 que «as embarcacións menores de 2,5 TRB ou 1,75 GT poderán utilizar trasmallos por dentro do anexo III a unha distancia mínima de 100 metros da costa ou a unha profundidade mínima de 5 metros, no período comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril, salvo o período en que se decrete a veda temporal dalgunha especie ou zona».

Examinados os informes técnicos correspondentes, onde se constata que a partir do mes de xuño a porcentaxe de individuos xuvenís capturados incrementase nun 80% respecto a meses anteriores, nos que se recomenda limitar o emprego das diferentes





artes de pesca nas zonas mais interiores das rías (por dentro do anexo III), e consultado o sector na zona, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Establecer unha **veda** para a pesca do **choco** na **ría de Arousa**, por dentro das liñas de referencia do anexo III que aparecen reflectidas no citado Decreto 15/2011, **desde o día 1 de agosto de 2019 ata o 31 de outubro de 2019**, inclusive.

Así mesmo, queda prohibida a captura, tenencia a bordo, transbordo, comercialización ou venda desta especie con calquera das artes incluídas no devandito Decreto 15/2011. As capturas accidentais deberán ser devoltas ao mar.

Do mesmo xeito, esta veda inclúe tamén á pesca marítima de recreo segundo a Lei 11/2008, do 3 de decembro, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de pesca de Galicia que, establece no seu artigo 26-1 "Seranlle aplicables á pesca marítima de recreo as medidas de protección e conservación dos recursos pesqueiros establecidas para a pesca marítima profesional".

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Mercedes Rodríguez Moreda

